



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTECESO

##### Secretaría

*Aprobación inicial da desafectación das vivendas dos mestres, bloques 6 e 8*

##### ANUNCIO

**Asunto: Aprobación inicial da desafectación das vivendas dos mestres, bloques 6 e 8**

O Pleno do Concello acordou na sesión do 30 de novembro de 2023:

1. Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica das vivendas dos mestres 3 e 4 dos núm. 6 e 8 da rúa Ponteceso, como bens demaniais de servizo público, desafectándoas do servizo publico para que queden cualificadas como bens patrimoniais e proceder a regularizalas.

2. Solicitarlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a desafectación do servizo educativo das vivendas dos mestres 3 e 4 dos núm. 6 e 8 da rúa Ponteceso, polo que queda o trámite de alteración da cualificación xurídica dos bens a expensas de obter a autorización da administración educativa.

3. Someter o expediente a información pública durante un mes no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteceso e no Boletín Oficial da Provincia (BOP), para os efectos de que as persoas interesadas presenten alegacións ou reclamacións nese prazo.

Ponteceso, 12 de decembro de 2023

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

2023/9887